

O pleno municipal celebrou o día dous de xullo de dous mil quince, un pleno extraordinario, de carácter organizativo, de conformidade co establecido no artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Na dita sesión adoptáronse os seguintes acordos, seguindo a Orde do día da convocatoria:

1º.- Aprobouse o borrador da acta da sesión anterior (sesión constitutiva) .

2º.- Constitución dos grupos políticos: dáse conta da constitución dos grupos políticos e os seus portavoces:

- Grupo Municipal do Partido Popular, integrado por : Alberto Platas Álvarez (Alcalde), Eva María Sánchez Brañas, Francisco Jose Vázquez Freire, Diego Vázquez García, Jose Miguel Iglesias Ares e Amparo Rivas Pena. Portavoz: Alberto Platas Álvarez. Suplente: Eva María Sánchez Brañas.

- Grupo Municipal do Partido Socialista e Galicia-PSOE , integrado por: Sandra Pena Barbeito, Carlos Platas Rocha, Ruben García Vidal e Manuel Sánchez Carro. Portavoz: Sandra Pena Barbeito. Suplente: Carlos Platas Rocha.

- Grupo Municipal Independientes por Aranga, integrado por : Alfonso Espiñeira Espiñeira. Portavoz: Alfonso Espiñeira Espiñeira.

3º.- Acordo en relación co réxime de sesións plenarias: celebraránse sesións ordinarias do pleno municipal os últimos xoves de cada bimestre (comenzando o mes de agosto) as trece horas, na sala de sesións da casa consistorial.

4º.- Acordo en relación coa creación e composición da Comisión Especial de Contas e Comisión Informativa Permanente de Facenda: Se constituirá , seguindo criterio de proporcionalidade, por tres vogais do grupo popular, dous do grupo socialista e un do grupo Independientes por Aranga. Procede que cada un dos grupos políticos desine os integrantes concretos da dita comisión e os seus suplentes.

5º.- Xunta de Goberno local e delegación de competencias : Acordase manter a Xunta de Goberno local, delegando o pleno municipal, na mesma , as seguintes competencias:

“Primeiro :O pleno municipal delega na xunta de goberno local, das atribucións previstas no artigo 22 da Lei reguladora das bases do réxime local, as seguintes competencias:

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión, e cando non esten previstos no orzamento.

Segundo: Delegar, de conformidade co establecido no artigo 51.2 do Texto refundido da lei de contratos do sector público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro , as competencias asinadas ao pleno municipal no apartado segundo da disposición adicional segunda do dito texto refundido , e dicir, a competencia como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, suministros, servizos , xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou os seis millóns de euro, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior aos catro anos, sempre que o importe acumulado das súas anualidades supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio na cuantía sinalada.

Así mesmo a adxudicación de concesións sobre bens da corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe dos 3 millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere o porcentaxe e a cuantía indicados.

Terceiro :A delegación inclúe todas as facultades que ten o pleno municipal.”

6º.- Nomeamento de representantes do concello en órganos colexiados: Desináse representante da Corporación no Consello Escolar do CEIP da Castellana a Eva María Sánchez Brañas e suplente a Alberto Platas Álvarez.

7º.- Acordos de contido económico: Acordase proceder a declarar dous cargos con dedicación exclusiva:

- Alcalde : cunhas retribucións brutas anuais de 33.636,40 €
- Primeiro Teniente de Alcalde: 26.831,84 €

As persoas que desempeñan estes cargos serán dadas de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social e para a súa efectividade require aceptación polos interesados.

Acordase manter o mesmo importe en concepto de asistencias a sesións dos órganos colexiados de que formen parte os membros corporativos sen dedicación exclusiva: 60,00 € por asistencias a sesións de pleno e xunta de goberno, e incrementáanse a 60,00 € igualmente as asistencias a sesións das comisións informativas.

Respecto dos gastos efectivos polo exercicio do cargo, as indemanizacións serán as fixadas nas normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas.

8º.- Informe das Resolucións da Alcaldía en materia organizativa: Na sesión plenaria dáse conta das Resolucións ditadas polo Alcalde Alberto Platas Álvarez, en materia organizativa:

- **Nomeamento dos Tenientes de Alcalde:** Se nomean os seguintes concelleiros , e polo orde que se indica, Tenientes de Alcalde do concello de Aranga:

Primeiro Teniente de Alcalde: D^a.Eva María Sánchez Brañas
Segundo Teniente de Alcalde: D.Francisco Jose Vázquez Freire
Tercero Teniente de Alcalde: D. Diego Vázquez García

De conformidad co artigo 23.3 da Lei Reguladora das Bases do réxime local e artigo 47.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os Tenientes de Alcalde substituirán ao Alcalde, polo o seu orde de nomeamento e na totalidade das súas funcións, nos supostos de ausencia, enfermidade ou impedimento e previa expresa delegación ao efecto.

A substitución do alcalde produciráse igualmente nos casos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde, e nos casos en que se produza unha ausencia do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen haber efectuado a delegación expresa, substituíndole en todas as súas funcións.

-Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno local: a Xunta do Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, este integrada por Tres Concelleiros, número non superior ao tercio do número legal de mebros da Corporación, e que son :

Primeiro Teniente de Alcalde: **D^a.Eva María Sánchez Brañas**
Segundo Teniente de Alcalde: **D.Francisco Jose Vázquez Freire**
Tercero Teniente de Alcalde: **D. Diego Vázquez García**

Á Xunta de Goberno Local así integrada e baixo a presidencia desta Alcaldía, terá asinadas as seguintes atribucións, segundo o establecido nos artigos 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réximen Local e o artigo 43 e 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro:

1º.- A Asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións a tenor do disposto no artigo 23 .2.a) da Lei Reguladora das Bases do Réximen Local e o artigo 53 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

2º.- As atribucións que esta Alcaldía delega de forma expresa, e que son :

1º.- Dispoer gastos dentro dos límites da súa competencia e ordear pagos así como a aprobación das facturas que correspondan ao desenrolo normal do orzamento a partir da cuantía de 5.000,00 €, salvo casos de urxencia xustificada na que corresponderá ao Alcalde dando conta a Xunta do Goberno na primeira sesión que se celebre.

2º.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobada polo Pleno, aprobar as bases das probas oara a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

3º.- Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

4º.- Sancionar as faltas de desobediencia á autoridade do alcalde o pola infracción das ordenanzas municipais , salvo os casos en que este atribuída esta facultade a outros órganos.

5º.- As contratacións e concesión de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ni, en calquer caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior dos catro anos , sempre que o importe acumulado de todas as anualidades non supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ni a cuantía indicada , conforme ao disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro que aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

6º.- A aprobación dos proxectos de obras e dos servizos cando sea competente para a súa contratación o concesión e estén previstos no orzamento.

7º.- A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento ni os tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere o porcentaxe nin a cuantía indicada .

8º.- O otorgamento de licencias de obra ou de actividade ou de apertura , salvo que a Leis sectoriais o atribúan ao pleno .

9º.- A aprobación de certificacións de obras

10º.- A resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas.

11º.- Devolucións de fianzas de todo tipo de contratos o concesiones de asuntos competencia da Xunta de goberno local así como as fianzas derivadas de actuación, licenzas ou permisos de asuntos competencia da Xunta de goberno.

12º.- As demais que expresamente le atribúan as leis.

Queda derogada expresamente a Resolución do 20 de xuño de 2011.

- Presidencia e secretaria da Comisión Informativa de Facenda: O alcalde acorda reservarse a Presidencia da comisión e encomenda a secretaría á que o é da corporación.

-Nomeamento de concelleiros delegados: Efectúase a delegación xenérica, a favor da concelleira que se indica, nomeando Concelleira delegada nos ámbitos da Cultura, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade a Eva María Sánchez Brañas.

Esta delegación abarca as facultades de dirección, organización interna e xestión dos correspondentes servizoos e actividades incluídos no ámbito de actuación, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

- Nomeamento de Tesoureiro: Acordase que o cargo de Tesoureira sexa desempeñado por Eva María Sánchez Brañas.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Aranga, 3 de xullo de 2015

A secretaria:

Asdo: Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga